



**RESOLUCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS, DA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, E DA INTERVENCIÓN XERAL
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DO 28 DE DECEMBRO DE 2006, POLA QUE
SE DITAN INSTRUCCIÓN PARA A APLICACIÓN DA ORDE DO 19 DE
DECEMBRO DE 2006 QUE MODIFICA A DO 27 DE XULLO DE 2000 SOBRE
DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN ORZAMENTARIA E
CONTABILIZACIÓN DOS INGRESOS PROCEDENTES DE TRANSFERENCIAS
CORRENTES E DE CAPITAL.**

A Orde do 19 de decembro de 2006, que modifica a do 27 de xullo de 2000 sobre xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, establece que o recoñecemento do dereito á percepción de recursos procedentes da Unión Europea efectuarase unha vez certificada ante a correspondente unidade estatal administradora a execución do gasto financiado con esas transferencias, incorporando desafortunadamente un criterio contable establecido na Decisión 22/2005, da Oficina Estatística das Comunidades Europeas.

Tanto a aplicación dese criterio con efectos desde o 1 de xaneiro de 2006 como a súa utilización posterior fan necesario o desenvolvemento da citada Orde, previsto na súa disposición derradeira.

A tal efecto, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a Dirección Xeral de Orzamentos, da Consellería de Economía e Facenda, ditan as seguintes



INSTRUCCIÓN

Primeira.

Para a aplicación dos criterios establecidos na Orde do 19 de decembro de 2006 que atinxen aos fondos europeos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2006, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Expediranse pola Dirección Xeral de Orzamentos documentos de xestión orzamentaria negativos “/” para anular os dereitos, e o recadado deses dereitos, recoñecidos dende o 1-1-06 ata a entrada en vigor da Orde do 19-12-06.

Se exceptúan do anterior os dereitos e o recadado correspondentes ao marco de programación 1994-1999, representativos de ingresos transferidos en concepto de liquidación dese período.

- b) Expediranse os documentos IC ou ICC, ou no seu caso ICR ou ICCR, que correspondan ás certificacións de realización de gasto financiado con fondos europeos, tramitadas durante o exercicio de 2006.

Se exceptúa do anterior o gasto certificado no ano 2006 e vinculado a ingresos transferidos á Comunidade Autónoma no ano 2005, que deron lugar ao recoñecemento de dereitos nese mesmo exercicio. Esa situación atinxe especialmente ao FEOGA-G e en menor medida ao Fondo de Cohesión, e podería facelo de forma excepcional aos restantes fondos.

A eses efectos a Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios, en base á documentación dispoñible e ao listado de ingresos que lle facilitará á Dirección Xeral de Orzamentos, comunicará a esta última a información seguinte:

- Ingresos transferidos no ano 2006 que corresponden a anticipos de financiamento.



- Anticipos recibidos no ano 2005 que corresponden a gastos certificados no ano 2006.

No que respecta ao FEOGA-G a información indicada será facilitada á Dirección Xeral de Orzamentos polo FOGGA

Pola súa parte as Consellerías, Organismos Autónomos, ou Entes que tramiten expedientes de gasto financiados con INTERREG, EQUAL e outras Iniciativas, nas que a Comunidade Autónoma figura como “socio” ou “partícipe”, identificarán e comunicarán no seu caso os ingresos do ano 2005 que correspondan a un gasto certificado no ano 2006, así como os ingresos recibidos no ano 2006 como anticipo de financiamento dun gasto que non alcance a ser executado e certificado nese mesmo exercicio.

- c) A regularización contable dos saldos de ingresos correspondentes ao período de programación de fondos europeos 2000-2006, que no seu caso puidera ser necesaria como consecuencia da modificación dos criterios de contabilización introducidos pola Orde do 19 de decembro de 2006, realizarase unha vez finalizada a certificación da totalidade do gasto financiado con eses fondos, pola diferenza existente entre os dereitos recoñecidos e o gasto final certificado.
- d) Os anticipos de fondos europeos percibidos a partir do 1 de xaneiro de 2006 que financien gastos aínda non executados e polo tanto non certificados terán transitoriamente tratamento extrapresupostario, que se cancelará no momento no que se certifique o gasto e se efectúe o recoñecemento do dereito e a aplicación do recadado como transferencia.
- e) A eventual anulación dunha certificación de gasto determinará a cancelación das actuacións contables ás que esa certificación houbera dado lugar.



Cando a cancelación non fose posible, por tratarse dun exercicio pechado, esas actuacións darán lugar a compensación no exercicio seguinte.

Segunda.

O tratamento dos ingresos de fondos europeos transferidos á Comunidade Autónoma a partir do 1 de xaneiro de 2007 que correspondan á liquidación de saldos do marco de programación 1994-1999, efectuarase conforme aos criterios vixentes ata entrada en vigor da Orde do 19 de decembro de 2006.

Terceira.

Os centros administrativos que se relacionan seguidamente comunicarán á Dirección Xeral de Orzamentos a remisión das certificacións de execución do gasto á correspondente autoridade de xestión ou de pagos, con expresión do fondo, ou iniciativa, e os datos en termos de coste elexible e de axuda no seu caso. A comunicación indicada efectuarase no momento posterior á remisión de cada unha das certificacións de gasto.

a) Información relativa ás certificacións de gasto financiado con FSE, FEDER, FEOGA-O, IFOP, e Fondo de Cohesión.

- Centro comunicante: A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, como órgano encargado do seguimento e certificación dos investimentos cofinanciados con eses fondos europeos.

b) Información relativa ás certificacións de gasto financiado con fondos FEP.

- Centro comunicante: A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



c) Información relativa ás certificacións de gasto financiadas con fondos FEADER e FEAGA/FEOGA-G.

- Centro comunicante: O FOGGA, como organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

Polo que respecta ao FEAGA/FEOGA-G a certificación de gasto entenderase substituída pola Comunicación de Pagos ao FEAGA, que deberá efectuarse en calquer caso dentro do mesmo exercicio no que os pagos foron realizados.

d) Información relativa ao gasto financiado con Iniciativas Comunitarias, co Obxectivo de Cooperación Territorial Europeo, e con Proxectos Comunitarios.

- Centro comunicante: A Secretaría Xeral ou Dirección Xeral, Organismo Autónomo, ou Ente, encargado da certificación do gasto á correspondente autoridade de xestión ou de pagos.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2006.

